

Praia, Barrio, Braña

DIAGNÓSICO

COLISIÓN DE USOS

O éxito da Banda do Rio no eido da hostelería ten un dobre filo: a compatibilidade destas actividades de ocio, especialmente o nocturno, co descanso dos veciños. Esta proposta busca soluciones para facilitar a convivencia entre as dúas actividades.

Monte Paralata

446m

TRÁFICO, APARCAMENTO E CONFLITO CO PEÓN

O PMUS pon de manifesto que o aparcamento existente é abondo para cubrir a demanda dos residentes habituais, pero non para os residentes estivais e para os visitantes. A proposta proverá aparcamiento para visitantes e residentes estivais na contorna inmediata, priorizando as prazas do barrio para os residentes permanentes e negocios locais.

Monte Paralata

446m

ASOLAGAMENTOS PERIÓDICOS

A Banda do Rio está sometida a un réxime de inundacións repetidas, coa lámina de inundación nun período de retorno 10 anos cubrindo case a totalidade do barrio. A proposta procura a mitigación e minimización deste risco, mediante o aumento da capacidade de almacenaxe de avenidas na zona inundable e a diminución das escorras na bacia.

Barranco do rego Canudo

Rego do Frade

Río Bispo

As Lagoas

Pescadoira

Rúa do Muíño

Banda do Río

Porto de Bueu

Can do Penedo

EXPOSTAS Á MARUSÍA

As vivendas en primeira liña de mar sufiron danos polos seus embates ata que a construcción do muro de protección os atenuou, á conta de perder a relación coa praia. A proposta ensanchará e variará a infraestrutura de protección para procurar un maior abano de usos, unha reinstaurada relación co mar e novos hábitats para a biodiversidade, co mesmo ou maior nivel de protección.

Coruto de Leboreiro

331m

Serra da Madalena

331m

Corredor do Morrazo

Parque empresarial de Castiñeiras

ao porto de Beluso

PRAIA-DUNA-BRAÑA

O barrio está construído sobre un sistema praia-duna-humeiral. Isto apréciasi tanto en fotografías e cartografía históricas nas que se ve o remanemento da duna e a braña, como na pervivencia de hidrónimos como "As Lagoas", "Rúa do Muíño" ou a propia "Banda do Rio". A consecuencia, as rúas do barrio desaguán naturalmente cara a braña, no interior, e no ao mar, dificultando ainda máis a xestión do auga.

A BACÍA FLUVIAL

A ampla cuenca do río Bispo engloba a meirande parte do núcleo urbano de Bueu, pero tamén grandes áreas agrícolas e forestais, o que abre o abano de opcións para a xestión das avenidas moi antes de que cheguen á vila.

Nos últimos reportáronse unha capacidade de infiltración da cuenca diminuída co aumento das coberturas artificiais, nomeadamente o Corredor do Morrazo e o parque empresarial de Castiñeiras; unha capacidade que a proposta tratará de restaurar.

UNHA PRAIA EN EROSIÓN

Outra o areal de Bueu estendiase uniforme de lado a lado da baía. O cambio da dinámica marítima por mor do crecemento do porto, xunto co cese da achega sedimentaria dos ríos trala súa canalización, provocaron unha dinámica erosiva que ameaza a continuidade da praia. A proposta buscará estabilizar a praia existente, recuperar a achega sedimentaria, e ofrecer formas de disfrutar do mar incluso nun escenario de areal reducido.

OBJETIVOS

Para solucionar inundacións na Banda do Rio e xerar resiliencia perante o cambio climático

Para mellorar a praia e a súa conexión coa vila

Para solucionar a insuficiencia de aparcamento, o tráfico e os conflitos peón-veículo

Para mellorar o medio ambiente local

Para mellorar a imaxe do barrio e a convivencia de actividades

Elaborando un Plan silvícola e agrícola para a xestión hidrálica da cuenca do río Bispo. Xestionando as brañas do río Bispo en colaboración público-privada

Modificando o planeamento para acoller usos más axeitados nas Lagoas Instalando SUDS* no parque empresarial de Castiñeiras

Construindo aparcamentos con depósitos de atenuación de avenidas Mellorando a urbanización das rúas da Banda do Rio

Restringindo o tráfico e aparcamento no barrio a persoas e negocios locais

Reurbanizando as estradas adxacentes

Construindo unha nova fronte mariña

Desenterrando os ríos

Construindo un paseo ao Porto de Beluso

Creando un arrecife artificial intermareal

Acollando espazos alternativos para terrazas e ocio nocturno

Estudando a necesidade de regulación de horarios, ruido e usos

Encargando un mural para o muro de contención ao final de Montero Ríos

1. Reducir as escorras na cuenca do río Bispo.
2. Laminar as avenidas antes de chegar á Bande do Rio.
3. Aumentar a infiltración das augas pluviais in situ.
4. Recuperar a archea.
5. Reducir a erosión costeira.

6. Ditar de alternativas para o tráfico de mar cun área de estacionamento de protección visual amplia o seu abano de uso.
7. Aumentar a permeabilidade visual e reducir a erosión costeira.
8. Limitar a oferta de usos permanentes e temporais.
9. Ditar de aparcamento xeneroso na contorna inmediata xeneral e proximal a negocios e visitantes.

10. Limitar o tráfico local de residentes e visitantes.
11. Garantir a precedencia do peón e accesibilidade con outras áreas.
12. Ditar de novos habitats para a biodiversidade e mellorar a conectividade da infraestrutura verde.

13. Ditar de espazos de diversidade e mellorar a conectividade da infraestrutura verde.
14. Incrementar a conectividade das augas pluviais.
15. Separar as augas fecais das augas pluviais.
16. Dofende de espazos de atraccións para a limpeza das augas pluviais.
17. Construir espazos de atraccións e circulación peónil.

18. Solucionar conflitos de uso das vivendas e ocio nocturno coas autoridades e a circulación peónil.
19. Soterrar cableado aéreo.
20. Homenxejar a tradición mariñeira da Banda do Rio.

IMPACTO

CUSTO

PRAZO

Alto
Medio
Baixo
Curto
Medio
Longo

1 BOAS PRÁCTICAS AGRÍCOLAS PARA O AUMENTO DA PERMEABILIDADE DO SOLO

Na bacia fluvial do río Bispo, o 15% das coberturas do solo son impermeables. Ademáis de amortecer os efectos da escorría sobre este 15%, hai un 85% do solo no que calquera intervención, por pouco que mellore a capacidade de infiltración, ten un grande efecto multiplicador pola grande área que cubre. Os usos dominantes deste solo están xestionados intensivamente polo ser humano: plantacións de eucalipto e cultivos. Por ello, elaborarase unha guía de boas prácticas agrícolas e silvícolas para a xestión hidrálica, potencialmente acompañada de axudas económicas, cuxa aplicación reducirá notablemente as escorrás.



Imaxe autoría de Kate Orff

2 SUDS NO PARQUE EMPRESARIAL DE CASTINEIRAS

Os Sistemas Urbanos de Drenaxe Sustentable (SUDS) son elementos que reducen o caudal das escorrás, evitando o risco de inundación, pero tamén diminúen os contaminantes arrastrados por estas, minimizan custos da xestión de pluviais, e forman parte da infraestrutura verde cos beneficios asociados para a biodiversidade e a paisaxe urbana.

A súa instalación no parque empresarial de Castineiras, tanto para deter o auga da choiva que cae sobre as rúas como para xestionar a recollida polas baixantes das edificacións, permitirá minimizar, tal vez completamente, as escorrás alimentadas a raíz da implantación deste polígono. Os sistemas inclúen áreas de biorretención, cubertas verdes, cunetas verdes, depósitos de choiva, estanques de infiltración e drens filtrantes, entre outros.

3 SUDS NAS ESTRADAS DA CUNCA

As cunetas verdes e os drens filtrantes permiten a retención e filtración da auga, mellorando a súa calidade. Os depósitos de choiva almacenan a auga para usos futuros, como o rego ou a limpeza viaria. Os pavimentos permeábeis e as zanzas de infiltración axudan á auga a penetrar no chan, reducindo a escorrentía superficial.

Estes SUDS poden instalarse durante as obras de mantemento de estradas ou instalacións de novos servizos. Os beneficios inclúen o aumento da infiltración, a ralentización da escorrentía, a rexeneración da auga, e a creación de infraestruturas verdes. Ademais, melloran a calidade do espazo público, facendo as áreas más saudables e agradables.

4 OPTIMIZACIÓN DAS BRAÑAS DO BISPO PARA A LAMINACIÓN DE AVENIDAS

A braña do río Bispo posúe un alto valor ambiental que é crucial preservar. Esta xestión pode realizarse de forma compatible coa explotación agrícola dos campos e co uso estival como camping durante o festival SonRías Baixas.

Os beneficios inclúen a laminación da escorrentía, a producción de alimentos quilómetro cero, e a creación de espazos para actividades recreativas. Durante o inverno, as brañas poden aproveitarse para amortecer as avenidas, reducindo o risco de inundacións. No verán, poden utilizarse para hortas e acampadas, especialmente durante o festival SonRías Baixas.

5 CONSTRUCIÓN DE APARCADOIROS CON DEPÓSITOS SOTERRADOS DE DETENCIÓN

Para solucionar a escaseza de aparcamento para visitantes e residentes estivais, é esencial priorizar aos residentes permanentes. Isto axudará a reducir o tráfico de afluencia e mellorará unha das propostas clave do PMUS. Esta solución debe vir acompañada dunha xestión eficaz dos fluxos peonís que atravesan Pazos Fontenla entre os aparcadoiros e os destinos.

A planificación incluirá a laminación da escorrentía, a producción alimentaria quilómetro cero, e a creación de espazos recreacionais. Ademais, contribuirá ao aumento da calidade do espazo público, proporcionando un entorno máis ordenado e agradable para todos os usuarios.

6 REURBANIZACIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS DA BANDA DO RÍO

A medida que se levan a cabo traballois nas rúas da Banda do Río, xa sexa por instalación de telecomunicacións, reparacións ou reasfaltados, é fundamental executar unha reurbanización progresiva. Esta reurbanización debe incluir varios elementos clave:

- Prioridade peonal: Instalar bolardos nas plataformas compartidas para garantir a seguridade e comodidade dos peóns.
- Soterramiento de cableado: Soterrar o cableado aéreo para mellorar a estética e a seguridade das rúas.
- Instalación de saneamento separativo: Implementar unha rede separativa para fecais e pluviais, mellorando a eficiencia do sistema de drenaxe.
- Sistemas Urbanos de Drenaxe Sustentable (SUDS): Incorporar SUDS para xestionar a auga de choiva de forma sostible.
- Infraestruturas verdes: Integrar elementos verdes nas rúas, contribuíndo ao aumento da calidade do espazo público e á mellora ambiental.

7 LIMITACIÓN DE TRÁFICO E APARCAMENTO NO BARRIO A RESIDENTES E NEGOCIOS LOCAIS

O centro de Bueu sofre de tráfico de paso e de afluencia, afectando a calidade de vida dos residentes. Para mitigar este problema, propónese a restrición do tráfico a residentes e comercios locais, e proporcionando prazas de aparcamento de alta rotación para os clientes do comercio local.

8 CONSTRUCIÓN DUNHA NOVA FRONTE MARÍTIMA

O obxectivo é recuperar a relación entre o barrio e o mar, creando un espazo multifuncional que inclúa os usos existentes, como a cancha de deportes, e proporcionando novas formas de interactuar co mar nun contexto de perda de areal. É esencial manter ou aumentar o nivel de protección da infraestrutura.

- Plataformas e pistas que permitan o uso recreacional e deportivo do espazo.
- Piscina de mareas para proporcionar novas oportunidades de lecer e mellorar a protección costeira.
- Desenterramento dos ríos: Recuperar os ríos enterrados para recuperar a achega sedimentaria á praia, mitigando o efecto da erosión.
- Terrazas do lado do mar: mover as terrazas da hostalería local ao lado do mar en lugar de cara ás casas, para maximizar as vistas e o uso recreativo.
- Reurbanización: Realizar unha reurbanización completa para modernizar e mellorar a funcionalidade e a estética da fronte marítima.
- Paseo ao Porto de Beluso: Crear un paseo que conecte o barrio co Porto de Beluso, promovendo a mobilidade peonal e a conexión co mar.

9 CREACIÓN DUN ARRECIFE ARTIFICIAL INTERMAREAL

Construcción dun arrecife artificial cunha combinación de bloques artificiais de morfoloxía irregular e elementos naturais como colonias de mexilhões, ostras e algas. Esta configuración ten o obxectivo de minimizar a acción das ondas do mar e proporcionar acubillo á biodiversidade mariña.

Situado a certa distancia da liña de costa, o arrecife intermareal amorteca a enerxía das ondas, permitindo solucións máis brandas no encontro entre a terra e o mar. Os principais beneficios desta estrutura inclúen:


- Protección contra os danos meteorolóxicos: O arrecife actúa como unha barreira natural, protexendo a costa dos danos causados polas tormentas e o mal tempo.
- Protección da praia contra a erosión: Ao amortecer a enerxía das ondas, o arrecife contribúe a preservar a praia, reducindo a erosión e mantendo a integridade do areal.
- Refuxio da biodiversidade: A combinación de elementos artificiais e naturais crea un hábitat ideal para diversas especies mariñas, promovendo a biodiversidade e mellorando a saúde do ecosistema costeiro.

10 ESTUDO DA PERTINENCIA DUN PLAN DE USOS HOSTALEIROS

Realización dun estudo previo para avaliar a pertinencia e o alcance dun plan que regule a implantación de establecementos hostaleiros, pública concorrencia e outras actividades ou, no seu defecto, dunha ordenanza municipal para limitar os ruidos resultantes destas actividades.









11 MURAL HOMENAXE Á SALGADURA E Á TRADICIÓN MARÍNEIRA

Comisión dun mural que embelezca o muro de contención que separa as rúas de Montero Ríos e Pazos Fontenla, rendindo homenaxe á tradición mariñeira da Banda do Río e ás fábricas de salgadura historicamente sitas no barrio.



0 ACCIÓNS ESTRUCTURAIS

0 ACCIÓNS NON ESTRUCTURAIS



*a costear por institucións distintas ao Concello